

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 23 DE MARZO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e tres de marzo de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e

sendo as nove horas corenta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 18 de marzo de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

2.- RENUNCIA A LICENZA DE OBRAS

— Gandería Res S.C.

Infórmase aos Sres. concelleiros asistentes que, por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 11 de decembro de 2020, concedeuse a GANDERÍA RES S.C. licenza municipal para CONSTRUCCIÓN DE CORTES DE VACÚN E FOSA DE XURRO, con emprazamento na parroquia de Álceme. Coa mesma data aprobouse a correspondente liquidación do ICIO (4.800,00 €) e da Taxa por expedición de licenzas urbanísticas (1.200,00 €), calculadas sobre o presuposto de execución material

da obra achegado pola solicitante que ascendía á cantidade de 240.000,00 €. A débeda foi satisfeita con data 16/04/21.

Con data 10 de febreiro de 2022 (RE-E núm. 57), Don Basilio Carral López, na representación da sociedade titular da licenza, solicita a súa anulación, desistindo na realización das obras autorizadas. O arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias emite informe con data 22/03/22 acreditando que as obras para ás que se lle concedeu licenza non foron executadas.

Xa que logo, debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Deixar sen efecto, a petición do seu titular, a licenza municipal para CONSTRUCCIÓN DE CORTES DE VACÚN E FOSA DE XURRO, con emprazamento na parroquia de Álceme, instada por GANDERÍA RES S.C., e concedida por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión celebrada o día 11 de decembro de 2020, ordenando o arquivo do expediente sen máis trámite.

Segundo.- Anular a liquidación do ICIO, por importe de CATRO MIL OITOCENTOS EUROS (4.800,00 €), practicada pola Intervención municipal en data 30 de marzo de 2021, ao non terse producido o feito imponible do imposto, e devolver o seu importe á sociedade solicitante.

Terceiro.- Denegar a devolución da liquidación pola Taxa por expedición de licenzas urbanísticas, por importe de MIL DOUSCENTOS EUROS (1.200,00 €), por terse producido o feito imponible da taxa coa prestación dos servizos administrativos de verificación da legalidade das obras proxectadas, previos á concesión da licenza.

3.- CONTRATACIÓN DE DÚAS (2) TRABALLADORAS AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2022 – LIÑA 3: EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS

O Sr. alcalde informa aos Sres. concelleiros presentes que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 17 de febreiro do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo para a contratación de dous postos de traballo subvencionados ao abeiro do

Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022 da Deputación Provincial de Pontevedra.

De conformidade coas bases e baremo aprobados, o Concello procedeu a realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as ao posto de traballo ofertado, correspondente ao perfil profesional de técnico de educación infantil (RS núm. 146, do 09/03/22). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello a seguinte relación de candidatas:

Técnica de educación infantil (oferta núm. [REDACTED])

- Arias Panadeiros, Mirian
- Castro López, Antía
- Corbal Cangado, Sara
- Fernández González, Belén

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse ás candidatas preseleccionadas un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante dito prazo, presentaron a documentación as seguintes candidatas:

- Fernández González, Belén (RE núm. 423, do 16/03/22)
- Arias Panadeiros, Mirian (RE núm. 442 e 443, do 18/03/22)
- Corbal Cangado, Sara (RE núm. 450 e 454, do 18/03/22 e 21/03/22)
- Castro López, Antía (RE núm. 453, do 21/03/22)

A Comisión de Selección prevista nas Bases, reunida o día 23 de marzo do corrente, procedeu á comprobación do cumprimento por parte das candidatas presentadas dos requisitos establecidos nas bases, admitíndoas ao proceso selectivo.

Procederon deseguido á valoración dos méritos das candidatas admitidas, co seguinte resultado:

CANDIDATA	PUNTUACIÓN TOTAL
BELÉN FERNÁNDEZ GONZÁLEZ	2,00
MIRIAN ARIAS PANADEIROS	0,50
SARA CORBAL CANGADO	2,00
ANTÍA CASTRO LÓPEZ	2,00

Tendo en conta a existencia dun empate na puntuación de tres das candidatas ao posto, e que este se produzo na totalidade dos criterios de valoración das Bases, a Comisión de selección dispuxo desfacer o empate establecendo como criterio interpretativo de preferencia os menores ingresos acreditados polas candidatas dentro do tramo inferior ao 50 % do IPREM. Na aplicación do mesmo, a Comisión propón a este órgano a contratación das candidatas Belén Fernández González e Sara Corbal Cangado.

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada pola Comisión de Selección e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal, modalidade de obra ou servizo determinado de interese social, das traballadoras que deseguido se sinalan:

Técnica de educación infantil (5 meses e 11 días)

NOME E APELIDOS	DNI
BELÉN FERNÁNDEZ GONZÁLEZ	██████████
SARA CORBAL CANGADO	██████████

RESERVAS:

ANTÍA CASTRO LÓPEZ
MIRIAN ARIAS PANADEIROS

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

4.- DACIÓN DE CONTA DA TRAMITACIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DUN POSTO DE TRABALLO DE PEÓN TRACTORISTA AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2022 – LIÑA 3: EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS

Por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 9 de marzo do corrente, declarouse deserto o posto de traballo de peón tractorista

por ausencia de candidatos/as presentados/as ao proceso selectivo e solicitouse do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) unha ampliación da oferta ao obxecto de acadar máis candidatos/as para poder prover o posto de traballo ofertado.

En cumprimento do disposto, o Concello procedeu a tramitar a ampliación da oferta ante o Servizo Público de Emprego de Galicia (RS núm. 145, do 09/03/22). En resposta á mesma, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello a seguinte nova relación de candidatos:

Peón tractorista (oferta núm. [REDACTED])

- Amil Fernández, Manuel
- Buján González, Jaime
- Castro Donsión, Gonzalo
- Pájaro Rey, Juan Carlos
- Rozados García, José Antonio
- Veiga Rosende, Serafín

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse aos candidatos preseleccionados un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante dito prazo, que rematou o día 21 de marzo do corrente, non se presentou ningunha solicitude de participación no proceso selectivo.

Ante esta circunstancia, dado que non resulta posible solicitar unha nova ampliación pola previsible ausencia de novos candidatos así como pola imposibilidade de realizar a eventual contratación antes da data límite legal do día 30 de marzo, dáse conta de que a provisión do posto de traballo de peón tractorista, subvencionado pola Deputación Provincial con cargo á Liña 3 do Plan Concellos 2022, queda definitivamente deserta, do que se dará conta oportunamente ao organismo provincial aos efectos pertinentes.

5.- AUTORIZACIÓN PARA A SINATURA DUN ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO E ECOEMBALAJES ESPAÑA S.A. (ECOEMBES) PARA A DOTACIÓN DE COLECTORES PARA AS RECOLLIDAS SELECTIVAS DE ENVASES LIXEIROS E DE PAPEL-CARTÓN

O Sr. alcalde informa aos Sres. concelleiros asistentes da oportunidade

para o interese público de asinar un acordo de colaboración con Ecoembes para a mellora das recollidas selectivas de envases lixeiros e de papel-cartón no Concello. Mediante dito acordo Ecoembes financiará o sobrecoste do servizo derivado da adquisición de colectores para a recollida selectiva de envases lixeiros, ata un importe máximo de 3.000,00 € (IVE non incluído), e para a recollida selectiva de papel-cartón, ata un importe máximo de 3.600,00 € (IVE non incluído).

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a sinatura dun acordo de colaboración entre o Concello e Ecoembalajes España S.A. (Ecoembes) para a dotación de colectores para as recollidas selectivas de envases lixeiros e de papel-cartón, co contigo íntegro que se sinala no Anexo ao presente acordo.

Segundo.- Aceptar expresa e integramente as cláusulas do acordo de colaboración e comprometerse ao cumprimento das obrigas que o Concello debe asumir en virtude do acordado.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación que ostenta, asine o acordo de colaboración e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do presente acordo.

ANEXO

ACUERDO DE COLABORACIÓN ENTRE EL AYUNTAMIENTO DE RODEIRO Y ECOEMBES

En Rodeiro, a

De una parte, Rubén Quintá Quintá , Alcalde- Presidente del Concello de Rodeiro (en adelante la Entidad),

De otra parte, D. Ángel Hervella Touchard, en calidad de Director de Gestión Local y Autónoma de Ecoembalajes España, S.A. (en adelante Ecoembes),

Las partes firmantes se reconocen mutuamente la capacidad legal necesaria para la formalización del presente acuerdo, y

EXPONEN

1. Que con fecha 30 de septiembre de 2020 se firmó el Convenio de Colaboración entre la Xunta de Galicia y Ecoembes, en el que se regulan los compromisos de las partes implicadas, en lo que respecta al funcionamiento del sistema integrado de gestión gestionado por Ecoembes en el ámbito de la Entidad.

2. Que uno de los objetivos básicos del Convenio es fomentar la recogida selectiva, mediante el desarrollo de acciones destinadas por ejemplo a la mejora de la contenerización.
3. Que ambas partes desean colaborar para mejorar los medios dispuestos en la prestación del servicio, de forma que se pueda incrementar la cantidad envases ligeros y papel-cartón recogido y aumentar de esta forma los porcentajes de recuperación y reciclado de los residuos de envase.

En consecuencia, y reconociéndose ambas partes en la representación que ostentan, capacidad suficiente para formalizar este Acuerdo, lo llevan a cabo con sujeción a las siguientes:

CLÁUSULAS

PRIMERA: OBJETO

El objeto del presente acuerdo es la puesta en marcha de medidas para la mejora de la contenerización de la recogida selectiva de envases ligeros y de papel-cartón en la Entidad, con el fin de incrementar las cantidades recuperadas y conseguir un aumento en el porcentaje de reciclado de los residuos de envases.

SEGUNDA: ALCANCE

El alcance del acuerdo es el incremento de la dotación de contenedores para la recogida selectiva de envases ligeros en la Entidad.

TERCERA: COMPROMISOS DE ECOEMBES

Ecoembes se compromete, en los términos fijados en el presente acuerdo a:

- Asumir el sobrecoste del servicio derivado de la adquisición de contenedores de para la recogida selectiva de envases ligeros para su ubicación en la vía pública hasta un importe máximo de 3.000 € (IVA no incluido). En ningún caso la colaboración en la financiación de los contenedores supone la propiedad de los mismos por parte de Ecoembes, teniendo carácter de transmisión de la misma la firma del presente acuerdo entre ambas partes. El papel de Ecoembes se ciñe en sufragar el coste del servicio prestado en concepto de recogida selectiva, siendo el objetivo de esta acción la mejora de la calidad del servicio de recogida de envases prestado a Ecoembes.
- Asumir el sobrecoste del servicio derivado de la adquisición de contenedores de para la recogida selectiva de papel-cartón para su ubicación en la vía pública hasta un importe máximo de 3.600 € (IVA no incluido). En ningún caso la colaboración en la financiación de los contenedores supone la propiedad de los mismos por parte de Ecoembes, teniendo carácter de transmisión de la misma la firma del presente acuerdo entre ambas partes. El papel de Ecoembes se ciñe en sufragar el coste del servicio prestado en concepto de recogida selectiva, siendo el objetivo de esta acción la mejora de la calidad del servicio de recogida de envases de papel-cartón prestado a Ecoembes.
- Colaborar con la Entidad en el seguimiento continuo de los resultados de la recogida selectiva.

CUARTA: COMPROMISOS DE LA ENTIDAD

La Entidad se compromete, en los términos fijados en el presente acuerdo a:

- Adquirir los contenedores de recogida selectiva de y proceder a su colocación a su colocación en vía pública. El plazo para la compra y colocación de todos los contenedores en vía pública será de seis meses tras la firma del presente acuerdo; de superarse este plazo, sin causa justificativa, Ecoembes no realizará el pago correspondiente indicado en la cláusula anterior.

- Mantener perfectamente actualizado el inventario de contenedores para recogida selectiva ubicados en vía pública, reflejando en el mismo las altas y bajas que se vayan produciendo y, en particular, indicando los contenedores que han sido instalados en base a este acuerdo.
- Garantizar la prestación de un servicio de recogida selectiva de calidad, en particular en lo referente a la frecuencia de recogida para evitar desbordamientos y a la limpieza y mantenimiento de los contenedores y de su entorno, de forma que se facilite e incentive la participación de los usuarios en la recogida selectiva.
- Por proceder los fondos del fondo de valorización del Convenio Marco de Colaboración entre Xunta de Galicia y Ecoembes, al que la entidad que suscribe el presente acuerdo se encuentra adherido, para cualquier acción de comunicación, divulgación en medios, sobre la acción del presente acuerdo, deberá mencionar y/o notificar previamente su intención tanto a la Xunta de Galicia como a Ecoembes.

QUINTA: FACTURACIÓN Y PAGO

Las condiciones de facturación y pago serán las establecidas en el Convenio de Colaboración.

La Entidad presentará a Ecoembes una factura en concepto de "Sobrecoste recogida selectiva de envases ligeros, mejora de infraestructuras: Concello de Rodeiro", por el importe indicado en la cláusula tercera del presente acuerdo. A la factura se deberá adjuntar copia de la factura o justificante de la compra de los contenedores.

SEXTA: VIGENCIA Y CAUSAS DE RESOLUCIÓN

El presente acuerdo entra en vigor a la firma del mismo.

Serán causas de resolución:

- La resolución del Convenio.
- Por mutuo acuerdo de las partes.
- Por imposibilidad de llevar a cabo el objeto del Acuerdo.

Y en prueba de conformidad con cuanto antecede ambas partes suscriben el presente acuerdo por duplicado ejemplar en el lugar y fecha del encabezamiento.

6.- ALTA DE USUARIO NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI), CURSO 2021-2022

VISTA a instancia presentada por Dona Mélodi Conde Vales, con DNI nú XXXXXXXXXX, veciña do lugar da Latiza, parroquia de Álceme (RE núm. 218, do 11/02/22), pola que solicita a alta do seu fillo Hugo Ríos Conde como usuario do Punto de Atención á Infancia (PAI) para o curso 2021-2022, en xornada completa ou, subsidiariamente, en xornada parcial de mañá.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe favorable emitido, con data 22/03/22, pola traballadora social municipal Dona Natalia Salgado Rodríguez, no que acredita que a solicitude cumpre cos requisitos esixidos así

como a existencia de prazas vacantes a esta data nas quendas solicitadas, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda proceder á alta, como usuario do Punto de Atención á Infancia (PAI) para o curso 2021-2022, do menor HUGO RÍOS CONDE, en xornada parcial de mañá, con data de efectos do día 1 de abril de 2022.

7.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 3 DA OBRA DE “CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO POLIVALENTE DE USO ASISTENCIAL – FASE III”,

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 3, correspondente á obra de “Construcción dun edificio polivalente de uso asistencial – Fase III”, por importe de ONCE MIL NOVECIENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (11.934,19 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada polo arquitecto Don Pablo Noya Suárez e polo arquitecto técnico Don José Abel Mato Méijome.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra DEPUR GM DESEÑO E OBRA S.L., por un importe total de 11.934,19 €, con cargo á correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 2212 (FACe), de data 15/03/22, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

8.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 1 E FINAL E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA DE “MELLORAS NO CENTRO DE SAÚDE DE RODEIRO”

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 1 e final correspondente á obra de “Melloras no Centro de Saúde de Rodeiro”, por importe de SETENTA E CINCO MIL SEISCENTOS NOVENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS (75.695,87 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada polo arquitecto e director da obra Don Juan Manuel García Pérez.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra SERVIUM SISTEMAS S.L., por un importe de 75.695,87 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 5151, de data 17/03/22, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

Cuarto.- Vista a Acta de recepción da devandita obra, asinada o día 21 de marzo de 2022, na que se fai constar que “as obras realizadas, agás vicios ocultos, atópanse en bo estado, sendo executadas baixo o seguimento do facultativo encargado da súa dirección, cos axustes recollidos no informe final da obra”, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda prestarlle a súa aprobación e, xa que logo, recibir a devandita obra, contando a partir desta data o prazo de garantía da obra fixado nun ano no prego de condicións, de conformidade co disposto no artigo 243 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP).

Quinto.- Aprobar o informe de execución da obra de data 18/03/22 estendido pola dirección facultativa.

9.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- MANUEL NÚÑEZ FIUZA 242,00 €
Por publicidade institucional do Concello no diario “El Periódico de Lalín e comarca”, s/factura núm. 0267-22.
- SERTECO-OR S.L. 413,93 € E 61,71 €
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 22A273 e 22A272 (FACe).
- FARO DE VIGO S.A.U. 380,00 €
Por subscrición anual ao diario, s/factura núm. @2022/0000041.
- DEPUTACIÓN PROVINCIAL 54,25 €
Por taxa de publicación de anuncio oficial no Boletín Oficial da Provincia (BOP), s/cargo.

- SUPERVISIÓN Y CONTROL S.A. 59,05 €
Por taxa de ITV do camión de recollida do lixo, s/factura núm. 361322FC0001706.
- RECURSOS E PROGRAMAS ACTIVOS S.L.U. 40,95 €
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de libre concorrencia, no mes de febreiro de 2022, s/factura núm. 22A00023 (FACe).
- RECURSOS E PROGRAMAS ACTIVOS S.L.U. 3.120,39 €
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de dependencia, no mes de febreiro de 2022, s/factura núm. 22A00024 (FACe).
- O RODO, S. COOP. GALEGA 71,50 €
Por horas de cisterna en reparación de avaría no saneamento do lugar de Rodeiro, s/facturas núm. 309938.
- JOSÉ MANUEL DIÉGUEZ OSORIO 965,58 €, 992,20 €, 217,80 € E 836,41 €
Por diversos traballos en acondicionamento de camiños municipais nos lugares de Barregallos, Carboentes, Pereira e Cuñarro, s/facturas núm. 22003, 22005, 22006 e 22007.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as dez horas quince minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)